



ANEXO I

SERVIZOS DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DA COSTA DA MORTE

1. INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E TITORIZACIÓN DE INICIATIVAS EMPREENDEDORAS

Estes servizos atenden ás iniciativas emprendedoras ás que asesoran e titorizan ata a súa constitución como empresa.

Na Costa da Morte aténdese a máis de 500 proxectos de empresas ao ano. Destas iniciativas emprendedoras acaban constituíndo a súa empresa o 70%, creando alomenos un emprego cada un, o que representa que ao ano xerese sobre 350 empregos autónomos na Costa da Morte.

Estas iniciativas son maioritariamente de pequenas empresas que teñen dificultades no acceso aos recursos e asesoramento e que contan con este servizo como ferramenta primordial para orientar o seu proxecto empresarial.

Son os colectivos con maiores dificultades (mulleres, mocidade, desempregados de longa duración, inmigrantes e emigrantes retornados...) os encontran nestes servizos o primeiro recurso para poder crear con viabilidade os seus proxectos emprendedores.

Os proxectos emprendedores abarcan unha gran variedade de actividades económicas: turismo, embarcacións de pesca, comercios, industrias agoralimentarias, explotacións agrícolas, industrias manufactureiras, construción, servizos.

INFORME

A modo de botón de mostra resumimos brevemente unha aproximación ás funcións e resultados dos servizos nos 16 Concellos da Costa da Morte.

Estes servizos atenden **máis de 30.000**

consultas

anuais de persoas desempregadas, ocupadas, emprendedores, empresariado e entidades.

O monto económico que os concellos ingresan grazas a estes servizos (solicitude e tramitación de axudas e programas financiados) calculase en máis de **6 millóns de euros** para o conxunto de toda a Costa da Morte

Os emprendedores valoran nestes servizos a cercanía e efectividade para resolver as súas dúbidas, para facilitar información e tramitación de recursos para financiamento da súa empresa, a oferta de formación en xestión empresarial, realización de proxectos de empresas, apoio nos trámites de constitución ou outros trámites administrativos ou legais e o asesoramento nos procesos de contratación...

“Os AEDL funcionan practicamente como ventanilla única e eliminan atrancos e perdas de tempos e esforzos na busca de información ou nos procesos de tramitacións”

2. INFORMACIÓN, ASESORAMENTO A ENTIDADES E EMPRESAS PARA MELLORA DA COMPETITIVIDADE

Estes servizos atenden ao ano en torno a **400 empresas** na busca de recursos para a mellora da súa competitividade, na contratación de persoal, nos procesos de cooperación e colaboración, calidade, internacionalización ou incorporación das TIC's. **240 accións e proxectos** de entidades son asesoradas e titorizadas na mellora dos seus servizos, a participación e colaboración con outras entidades promocionando a participación cidadá nos ámbitos da gobernanza municipal.

3. MELLORA DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS DESEMPREGADAS

A mellora da empregabilidade e a promoción do emprego entre persoas desempregadas tamén son función dos AEDI nos concellos que carecen de servizo de orientación laboral.

Realízanse actuacións como as bolsas de emprego municipais, plans de emprego, programas integrados de inserción, mediación nos procesos de oferta e demanda de emprego e mesmo as prácticas en empresas son actuacións que contan con estes profesionais no deseño, execución ou seguimentos dos mesmos.

No noso traballo realizamos e tramitamos programas e proxectos xeradores directos de emprego (Plans de Cooperación, servizos de limpeza de praias, socorristas, servizos municipais, plans municipais de emprego...). Estimamos que na Costa da Morte nestes programas de xeración directa de emprego traballan nun ano aproximadamente unhas **900 persoas**.

4. ACCIONS FORMATIVAS PARA PERSOAS DESEMPREGADAS, OCUPADAS, EMPRENDEDORES E EMPRESARIADO

Sen contabilizar o alumnado que participa en Escolas Obradoiros ou Obradoiros de Emprego que son proxectos que na maioría dos concellos son elaborados e tramitados polos AEDL, en accións formativas promovida por estes servizos participan unha **media anual de 1440 persoas**.

5. PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

“As axencias de desenvolvemento local deseñan e realizan programas e actividades relacionadas cos diferentes sectores e recursos económicos de Concello. Son as áreas onde a innovación en procesos e proxectos son contínuas.”

Preparanse proxectos sobre TIC's, implantación de banda ancha nos concellos, enbellecemento dos territorios (soterramentos de cables, melloras de espazos degradados...), melloras e aforros enerxéticos, melloras medioambientais e procesos de calidade...

Elaboranse programas e acción de dinamización e divulgación de sectores e recursos territoriais (programas de turismo, comercio, forestal, agrogandería...) ou captan recursos para mellora do territorio deseñando e tramitando liñas de axudas e subvencións (polígonos industriais, viveiros de empresas, axudas para rede natura, voluntariado, servizos de apoio municipal, proxectos para agader, Leader, Gac etc etc)

Os servizos da Costa da Morte tramitan ao ano un total de **345 axudas** e programa no conxunto de todos os concellos deste territorio. Estes proxectos veñen a empregar no conxunto da Costa da Morte a un total de **1.500 persoas** en contratacións temporais en obras e servizos para os programas aprobados.

Non podemos esquecer, ademais, que os programas e proxectos europeos nos que participa o territorio están implicados os servizos de desenvolvemento local, ben tramitándoos e solicitándoos ou xestionándoos ou coordinándoos. Polo que a internacionalización institucional do territorio vai da man dos servizos de AEDL (Irmanamento, programas Ypad, Interreg, Leonardo etc etc.).